

MEMORIA DO CURSO
2021/2022

DEPARTAMENTO CIENCIAS NATURAIS

CPI DE ATIOS

1. GRAO DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

1.1. Contidos que non foron traballados durante o presente curso académico 2021-2022:

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO A, B e C**

O grao de cumprimento da programación positivo, quedando só dous temas sen traballar: *A Hidrosfera e A Atmosfera*. A razón de que non se puidesen impartir estes temas débese á falta de tempo debido á redución da terceira avaliación e ás numerosas actividades que se realizaron, como a viaxe a Asturias, os Maios e Letras Galegas, etc., que reduciron o número de sesións da materia.

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO A e B**

O grao de cumprimento da programación é positivo. Os temas relacionados coa *Función de Relación, o Sistema inmunitario* e os relacionados co *bloque de Xeoloxía* non se traballaron durante este curso. A razón de que non se puidesen impartir estes temas débese ao reducido número de sesións para Bioloxía e Xeoloxía de 3ºESO e ás numerosas actividades que se solaparon coas sesións da materia.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO A

O grao de cumprimento da programación é positivo. Quedaron pendentes a *Unidade 6. A actividade humana e o medio ambiente*, xa que, debido á falta de tempo, decidiuse impartir algo de Xeoloxía, dado que os contidos de medio ambiente foron tratados noutras materias, como Cultura Científica. Ademais, quedaron pendentes parte dos contidos da *Unidade 8. Tectónica e relevo* (os referentes á deformacións das rochas), e a *Unidade 9. A historia do noso planeta* por falta de tempo debido á redución da terceira avaliación e ás numerosas actividades que se realizaron, como a viaxe a Tenerife, os Maios e Letras Galegas, a charla de Sechu Sende, entre outras que reduciron o número de sesións da materia.

CULTURA CIENTÍFICA 4ºESO A e B

O grao de cumprimento da programación é positivo. Traballouse sobre todos os temas contemplados na programación.

2. ANÁLISE DOS RESULTADOS:

2.1. Análise dos resultados académicos da avaliación final (23 de xuño).

O día 23 de xuño celebráronse as xornadas de avaliación final de curso, estes son os resultados académicos das distintas materias.

1º ESO A

TOTAL ALUMNOS/AS	23	100%
APROBADOS	21	91%
SUSPENSOS	2	9%

1º ESO B BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	21	100%
APROBADOS	21	100%
SUSPENSOS	0	0%

1º ESO C BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	20	100%
APROBADOS	20	100%
SUSPENSOS	0	0%

3º ESO A BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	21	100%
APROBADOS	21	100%
SUSPENSOS	0	0%

3º ESO B

TOTAL ALUMNOS/AS	25	100%
APROBADOS	23	92%
SUSPENSOS	2	8%

4º ESO A BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	22	100%
APROBADOS	21	96%
SUSPENSOS	1	4%

4º ESO A CuCi

TOTAL ALUMNOS/AS	16	100%
APROBADOS	16	100%
SUSPENSOS	0	100%

4º ESO B CuCi

TOTAL ALUMNOS/AS	17	100%
APROBADOS	17	100%
SUSPENSOS	0	0%

Os resultados son moi satisfactorios, cunha porcentaxe de aprobados superior ao 91% nas catro materias.

2.2. Valoración do desenvolvemento das materias e cursos

• BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

En xeral, o alumnado respondeu ben ás propostas de traballo, notándose unha mellora ao longo do curso no referente á súa autonomía e autoxestión. Sen embargo, o comportamento disruptivo de certos alumnos dificultou, en ocasións, o correcto desenvolvemento das sesións.

Ademáis, debido ao Protocolo Covid19, durante este curso non se realizaron prácticas de laboratorio ao non poder garantir as distancias interpersoais. Isto tratouse de compensar realizando actividades máis prácticas na aula como a elaboración dun sistema de autorrego na unidade das plantas, ou a observación e identificación de minerais e rochas utilizando claves dicotómicas na unidade da xeosfera, entre outras.

Cómpre remarcar que a elaboración do caderno naturalista tivo unha gran acollida nun comezo, mais ao longo dos meses foilles resultando un traballo moi laborioso, a pesares de realizar só unha especie por semana.

• BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

O alumnado respondeu, en xeral, ben a todas as propostas de traballo levadas a cabo desde o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Como é habitual neste curso, debido ao escaso número de horas semanais e a imprevistos (saídas, festivos, etc) vólvese realmente difícil poder traballar todo o currículo dende un enfoque de calidade educativa.

Durante os dous primeiros trimestres non se realizaron prácticas de laboratorio por seren incompatibles co cumprimento do Protocolo Covid19.

En xeral o comportamento foi axeitado na gran maioría do alumnado de ambos cursos.

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO**

En xeral, o alumnado respondeu ben ás propostas de traballo, coa excepción dun baixo número de alumnos sen interese pola materia. Ademais, o feito de ter as 3 sesións de clase semanais nas últimas horas da mañá e á última da tarde do xoves influíu negativamente no rendemento dos alumnos e alumnas e no ritmo da sesións.

- **CULTURA CIENTÍFICA 4º ESO**

O presente curso houbo dous grupos cursando CuCi, con total de 33 alumnos/as. Parte do alumnado matriculado recoñeceu ao longo do curso que os contidos traballados non eran do seu interese e a súa actitude foi negativa. Pola contra, gran parte do alumnado si traballou con interese e dedicación. Cómpre salientar a mellora notable conforme foi avanzando o curso, sendo os alumnos/as capaces na terceira avaliación de facer exposicións de temas científicos durante 20 minutos con gran soltura e dominio dos contidos

- **MATERIAS PENDENTES**

Este curso 21/22 non houbo alumnado con materias pendentes.

2.3.Análise das medidas dirixidas ao alumnado NEAE

As medidas de reforzo educativo e ACI foron satisfactorias en 1ºESO.

As medidas de reforzo educativo foron satisfactorias en 3ºESO, coa excepción de dous alumnos que acadaron unha cualificación insuficiente na avaliación ordinaria.

As medidas de reforzo educativo foron satisfactorias en 4ºESO.

3. CONCLUSIÓNS FINAIS: DETECCIÓN DE NECESIDADES E PROPOSTAS DE MELLORA.

- Cómpre facer un maior seguimento de aqueles alumnos/as con maiores dificultades de aprendizaxe, alumnado de reforzo, proporcionándolle máis material de reforzo e ampliando o número de explicacións individuais para acadar mellores resultados .
- Cómpre compensar a falta de prácticas de laboratorio que non puideron realizarse este curso pola situación sanitaria, en vindeiros cursos.
- Sería convinte organizarse con outros departamentos para coordinar os traballos que realizan en cada unidade, e así sacar un mellor rendemento e utilidade a estes.
- Cómpre promover máis actividades nas que o alumnado teña que facer tarefas de investigación e exposición orais.

- Debido ao cambio nas datas da avaliación final, as dúas últimas semanas de curso non se puideron aproveitar para rematar o currículo da programación, debido á dificultade de compaxinar estas sesións coas actividades de recuperación por parte dos alumnos/as con avaliacións pendentes.
- Sería conveniente realizar máis actividades en grupo, que non se puideron realizar debido á vixencia do Protocolo Covid19, o cal tería contribuído a mellorar o clima de aula dos grupos, especialmente en 1ºESO B.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía participou na seguinte actividade complementaria:

Saída á praia de Vilarrube da man de mariscadoras da contorna para coñecer a súa labor e o seu papel na conservación da biodiversidade.

Durante o segundo trimestre participou nunha saída á praia de Vilarrube, organizada polo Concello de Valdoviño, co obxectivo de coñecer a labor das marisqueiras e fomentar dita saída laboral entre o alumnado. Alumnado asistente: 3ºESO

5. NECESIDADES DO DEPARTAMENTO:

5.1. Formación do profesorado.

As docentes Paula Ramos, Cristina Bedia e Irene Portas realizaron os seguintes cursos de formación:

- A posta en práctica da acción tutorial (só Paula)
- Recursos de ioga e mindfulness para profesores e aula.
- Coñecemento da contorna.

5.2. Valoración da función docente

As enquisas de satisfacción da función docente realizadas polo alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO A e C e polo alumnado de CuCi de 4ºESO rexistraron uns resultados moi notables da función docente. O alumnado valorou moi positivamente a calidade das clases impartidas, a equidade no trato do alumnado, a actitude, a motivación, a capacidade de crear un bo ambiente e clima de traballo na aula ou a calidade dos materias empregados, entre outros puntos a avaliar.

Como aspectos a mellorar, en 1ºESO a maioría do alumnado coincide en que se lle fai tedioso elaborar o caderno de debuxo semanalmente, concretamente a parte de buscar información sobre as especies. Os alumnos de 1ºESO realizaron algunha suxerencia, como a realización de saídas ao campo para identificar organismos, a realización de actividades de debuxo e actividades de tipo máis lúdico.

E en 3ºESO E 4ºESO coinciden en que algunhas das clases foron demasiado teóricas e agradecerían ter tido nestas máis participación e outro tipo de actividades prácticas.

5.3. Material didáctico.

As profesoras do Departamento traballaron mediante presentacións dixitais propias, caderno e fichas elaboradas a partir de libros de texto ou de creación propia. En todos os cursos e materias empregouse EDIXGAL e non houbo libro de texto.

Para manter o contacto co alumnado as profesoras empregouse a plataforma de EDIXGAL ou o correo electrónico da consellería de educación.

5.4. Reparacións e obras

Non é preciso realizar obras nin reparacións relevantes no laboratorio.

No curso actual mercouse o seguinte material:

- Kit de bisturís desbotables
- Portabisturís metálicos do número 4.

Valdoviño, a 28 de xuño de 2022

Asdo.: Irene Portas Peteiro

Paula Ramos Fariña

Irene Menéndez Aguado